

ORDE DO 9 DE XULLO DE 2026 POLA QUE SE APROBA O PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS 2026-2027 DA CONSELLERÍA DE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia prevé no seu artigo 5 que os órganos da Administración que propoñan o establecemento de subvencións concreten nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaránse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Pola súa banda, o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, prevé no seu artigo 6 que cada consellería elaborará unha planificación estratéxica das subvencións que teñan previsto convocar a consellería e os organismos e entidades dependentes ou vinculadas a ela. A planificación deberá ser coherente cos documentos de planificación e obxectivos que se elaboren cada ano no marco do proceso de elaboración dos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

O dito artigo continúa sinalando que os plans estratéxicos teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas. A efectividade dos plans queda condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención e ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio. Cando, nos termos previstos na Lei de subvencións de Galicia e neste regulamento, se tramite unha subvención que non estea comprendida na planificación estratéxica da consellería, detallarase no expediente a relación dos obxectivos da subvención coa planificación estratéxica e os posibles efectos nesta, así como os motivos que xustifiquen a imposibilidade de prevela con anterioridade.

Así mesmo, o seu artigo 7 sinala que os plans elaborados polas consellerías conterán a totalidade das liñas de subvencións que teñan previsto convocar a consellería e todos os organismos e entidades dependentes ou vinculadas a ela, e fixa normativamente o seu contido mínimo.

O establecemento desta previsión legal de elaboración de plans estratéxicos de subvencións, xa contida tamén na normativa básica estatal, concrétese nunha mellora da transparencia da actividade administrativa, de especial relevancia nas actividades que supoñen a xestión de fondos públicos, así como unha mellora da eficacia, ao introducir unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento.

Este Plan apróbase en cumprimento do previsto nos artigos 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no artigo 5 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en coherencia cos



obxectivos e prioridades do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, previo informe da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico. En consecuencia, e en virtude das facultades que me confiren o artigos 5 e 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto aprobar o plan estratéxico de subvencións 2026-2027 da Consellería de Política Social e Igualdade, que se inclúe como anexo.

Artigo 2. *Eficacia*

O plan estratéxico de subvencións ten carácter programático, e o seu contido non crea dereitos nin obrigas. A efectividade do plan queda condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención e ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio.

Artigo 3. *Contido*

O plan estratéxico comprende as subvencións que teñan previsto convocar a consellería e os organismos e entidades dependentes ou vinculadas a ela en réxime de concorrencia, así como as de concesión directa e as que se instrumentalicen a través de convenio.

Cando se tramite unha subvención que non estea comprendida na planificación estratéxica da consellería, detallarase no expediente a relación dos obxectivos da subvención coa planificación estratéxica e os posibles efectos nesta, así como os motivos que xustifiquen a imposibilidade de prevela con anterioridade.

Artigo 4. *Actualización do plan*

Con carácter xeral, o plan actualizarase sempre que se verifiquen modificacións das planificacións estratéxicas superiores coas que debe observar a debida coherencia.

Artigo 5. *Publicación*

O plan estratéxico publicarase no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia.

Artigo 6. *Seguimento*

O seguimento do grao de cumprimento e a avaliación dos resultados do plan realizarase conforme aos indicadores definidos no propio Plan e en coherencia co sistema de seguimento establecido no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social e Igualdade



PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES 2026-2027

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL E IGUALDADE



Contido:

INTRODUCCIÓN.....	2
OBXECTIVOS E ESTRUCTURA DA CONSELLERÍA.....	2
Descrición dos obxectivos da Consellería.....	2
Estructura da Consellería para alcanzar os obxectivos.....	2
D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA.....	3
D.X. DE INCLUSIÓN SOCIAL.....	3
D.X. DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE.....	5
D.X. DE MAIORES E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA.....	5
D.X. DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.....	6
D.X. DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE.....	7
RESUMO DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCÍONS.....	8
Planificación no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.....	8
Planificación estratéxica por centro directivo.....	8
DETALLE DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCÍONS.....	9
DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA.....	9
Detalle de Subvencións na Planificación.....	9
D.X. DE INCLUSIÓN SOCIAL.....	9
Detalle de Subvencións na Planificación.....	10
D.X. DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE.....	10
Detalle de Subvencións na Planificación.....	10
D.X. DE MAIORES E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA.....	11
Detalle de Subvencións na Planificación.....	11
D.X. DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.....	12
Detalle de Subvencións na Planificación.....	12
D.X. DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE.....	14
Detalle de Subvencións na Planificación.....	14
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA EXECUCIÓN DAS SUBVENCÍONS.....	15
Avaliación da execución orzamentaria.....	15
Avaliación dos obxectivos e logros alcanzados.....	16
Correccións e melloras.....	16
FICHAS DETALLADAS DE SUBVENCÍONS.....	17



INTRODUCCIÓN

O Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2027 da Consellería de Política Social e Igualdade, integrado no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, constitúe unha ferramenta fundamental para impulsar o desenvolvemento económico, social e ambiental da nosa comunidade autónoma. Este documento artículase en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que dispón que os órganos da Administración que propoñan o establecemento de subvencións deberán, con carácter previo, concretar nun plan estratéxico os obxectivos e efectos que se pretenden alcanzar, o prazo necesario para conseguilos, os custos previsibles, as fontes de financiamento e a súa adecuación aos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

En consonancia cos obxectivos definidos no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, este plan de subvencións estrutúrase como un instrumento clave para promover o benestar social, a innovación, a cohesión territorial e a transición cara a unha economía sustentable e dixital. A súa formulación baséase nos principios de transparencia, eficiencia e equidade, co propósito de maximizar o impacto positivo das axudas públicas sobre o tecido económico e social galego.

Ademais de abordar os retos identificados para Galicia no horizonte 2030, como a transformación dixital, a sustentabilidade ambiental e o apoio á igualdade de oportunidades, este plan tamén establece mecanismos claros para asegurar que as subvencións contribúan ao cumprimento dos compromisos de estabilidade orzamentaria. Deste xeito, búscase garantir un uso responsable dos recursos públicos en beneficio da cidadanía.

En definitiva, o Plan Estratéxico de Subvencións constitúe unha peza central das políticas públicas galegas, orientada a acadar un crecemento equilibrado, inclusivo e sostible, situando as persoas e o territorio no centro das actuacións e reforzando o compromiso co futuro de Galicia.

OBXECTIVOS E ESTRUCTURA DA CONSELLERÍA

Descrición dos obxectivos da Consellería

A Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano da Administración galega responsable das políticas de benestar, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas en situación de dependencia e a promoción e adopción de medidas encamiñadas á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Estructura da Consellería para alcanzar os obxectivos

O exercicio destas funcións e competencias en materia de subvencións desenvólvese a través dos seguintes centros xestores determinados polo Decreto 139/2024, do 22



de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

As principais funcións da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica son:

- ✓ Exercer as políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e adolescencia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, e na Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.
- ✓ Protexer e tutelar as persoas menores en situación de risco ou desamparo de acordo co establecido na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil; na Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia; na Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, así como executar as medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.
- ✓ Exercer e coordinar as políticas destinadas a favorecer e impulsar o crecemento demográfico, a renovación xeracional e a reverter o envellecemento da poboación.
- ✓ Promover e adoptar as medidas que aseguren a conciliación corresponsable da vida persoal, familiar e laboral como medio para garantir un ambiente favorable para a creación e o libre desenvolvemento das familias.
- ✓ Elaborar as propostas normativas no ámbito da familia, infancia e adolescencia, así como para o desenvolvemento normativo da Lei 3/2011, do 30 de xuño, da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 4/2001, do 31 de maio.

D.X. DE INCLUSIÓN SOCIAL

As principais función asignadas á Dirección Xeral de Inclusión Social son:

- ✓ Coordinación da rede de servizos sociais comunitarios prestados polas corporacións locais, de acordo coa distribución de funcións e competencias establecida para o Sistema Galego de Servizos Sociais na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, así como a accesibilidade universal en todo o territorio galego ás prestacións básicas dos servizos sociais.
- ✓ Coordinar os servizos sociais de titularidade pública cos que prestan as entidades de iniciativa social apoiadas con fondos públicos nas áreas de atención social comunitaria e inclusión social, e en favor da poboación inmigrante, coa finalidade de atender de forma coordinada e global ás novas



e emerxentes necesidades sociais derivadas da pasada crise económica, para o máximo rendemento dos recursos dispoñibles e a prestación duns servizos de calidade que eviten os desequilibrios territoriais e estimulen a cultura de participación da sociedade e das propias persoas afectadas como elemento esencial na provisión dos servizos sociais, incluíndo a xestión do financiamento de programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo a asignación orzamentaria do 0,7% do IRPF como un elemento de reforzo das entidades de iniciativa social no ámbito da inclusión social.

- ✓ Garantir, a través da RISGA e mais os seus complementos, uns recursos económicos de subsistencia ás persoas tecnicamente valoradas en situación ou risco de exclusión social de conformidade co establecido na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, e no Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social, mellorando a configuración dos incentivos á inclusión activa das persoas perceptoras de RISGA e do ingreso mínimo vital (IMV).
- ✓ Posibilitar, a través do desenvolvemento de proxectos personalizados de inclusión sociolaboral, o apoio sociofamiliar e unha saída laboral ás persoas que estean en risco ou situación de exclusión social, con independencia de que sexan ou non perceptoras da RISGA.
- ✓ Coordinar a actuación dos distintos departamentos da administración autonómica para garantir a abordaxe integral dos procesos de exclusión.
- ✓ Exercer as políticas autonómicas en materia de servizos sociais, inclusión social e inmigración, segundo o disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e na Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- ✓ Impulsar o deseño, a coordinación, a avaliación e a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de benestar social, inclusión social, inmigración e servizos sociais comunitarios de Galicia.
- ✓ Elaborar as propostas normativas no ámbito dos servizos sociais, inmigración e inclusión social e para o desenvolvemento normativo da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e na Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- ✓ Coordinar o funcionamento dos órganos colexiados de asesoramento e participación nas materias de competencia da Dirección Xeral.
- ✓ Exercer a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias, de conformidade coa normativa de aplicación.
- ✓ Elaborar o anteproxecto do orzamento e a memoria de funcionamento do órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.
- ✓ Elaborar as estatísticas nas materias da súa competencia.
- ✓ O seguimento da xestión da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas-Funga.
- ✓ Coordinar a actuación dos distintos departamentos da administración autonómica para garantir a abordaxe integral dos procesos de exclusión.



D.X. DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

As principais funcións da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade son:

- ✓ Planificar, impulsar, coordinar, dirixir, xestionar e supervisar o conxunto das actuacións da Consellería destinadas ao apoio e á atención ás persoas con discapacidade, en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, sen prexuízo das que lles correspondan a outros órganos de dirección da Consellería.
- ✓ A formulación de propostas relacionadas coas políticas da Consellería nas materias propias da Dirección Xeral.
- ✓ A proposta, o impulso, a elaboración das bases, a tramitación dos procedementos de concesión e seguimento das axudas e subvencións baixo o réxime de concorrencia, promovidas pola Dirección Xeral ou a través da concesión directa ás entidades prestadoras de servizos sociais no ámbito da discapacidade.
- ✓ A xestión e coordinación do funcionamento dos órganos colexiados de asesoramento e participación en materia de benestar social, nas competencias asumidas pola Dirección Xeral.
- ✓ O exercicio da potestade sancionadora no ámbito das súas competencias, de conformidade coa normativa de aplicación, cando non estea atribuída a outros órganos da Consellería.
- ✓ A elaboración do anteproxecto de orzamento e da memoria de funcionamento da Dirección Xeral, así como a súa xestión, seguimento e avaliación, e a elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.
- ✓ Impulsar a aplicación da perspectiva de xénero nas materias da súa competencia.

D.X. DE MAIORES E ATENCIÓN SOCIO SANITARIA

As principais función da Dirección Xeral de Maiores e Atención socio sanitaria son:

- ✓ Impulsar, planificar, coordinar e avaliar todas as actuacións da consellería relativas ao benestar das persoas maiores, incluíndo ordenación, planificación e innovación dos recursos socio sanitarios e a coordinación da súa actividade asistencial.
- ✓ Planificar políticas de innovación tecnolóxica e de I+D+i na xestión de servizos sociais, e promover normativa neste ámbito.
- ✓ Coordinar iniciativas de I+D+i nas TIC sociais e supervisar as plataformas tecnolóxicas que dan soporte aos servizos sociais, sen prexuízo doutras competencias.
- ✓ Impulsar iniciativas de humanización e seguridade asistencial nos centros socio sanitarios.
- ✓ Fomentar e planificar a formación continuada nos centros socio sanitarios.
- ✓ Promover a eficiencia e calidade nos procesos asistenciais e a súa mellora continua.



- ✓ Fomentar e planificar a formación continuada nos centros sociosanitarios.
- ✓ Promover a eficiencia e calidade nos procesos asistenciais e a súa mellora continua.
- ✓ Impulsar a aplicación da perspectiva de xénero nas materias da súa competencia.
- ✓ Coordinar a Rede galega de centros sociocomunitarios.

D.X. DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero correspóndenlle as seguintes funcións:

- ✓ Impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.
- ✓ Planificar, deseñar, coordinar e avaliar a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia da erradicación da violencia de xénero.
- ✓ Realizar o estudo e o seguimento da lexislación vixente naqueles aspectos que afecten a loita contra a violencia de xénero e elaborar propostas normativas en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- ✓ Establecer e fomentar relacións de cooperación cos organismos competentes en materia de igualdade da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas e da Administración Local, así como cos organismos internacionais e comunitarios en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- ✓ Elaborar as propostas normativas no ámbito das competencias da Dirección Xeral.
- ✓ Coordinar o funcionamento dos órganos colexiados de asesoramento e participación nas materias de competencia da Dirección Xeral.
- ✓ Exercer a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias, de conformidade coa normativa de aplicación.
- ✓ Elaborar o anteproxecto do orzamento e a memoria de funcionamento do órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.
- ✓ Elaborar as estatísticas nas materias da súa competencia.
- ✓ Impulsar a aplicación da perspectiva de xénero nas materias da súa competencia.
- ✓ A formulación de propostas relacionadas coas políticas da Consellería nas materias propias da Dirección Xeral.
- ✓ A elaboración do anteproxecto do orzamento e da memoria de funcionamento correspondente ao órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación, e a elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.



D.X. DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE

As principais funcións da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade son:

- ✓ Impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.
- ✓ Promover a incorporación do principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes en todas as normas, políticas, actuacións, plans e estratexias da Xunta de Galicia, en cumprimento do principio de transversalidade recollido no artigo 20 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- ✓ Planificar, deseñar, coordinar e avaliar a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de igualdade entre mulleres e homes, e a promoción da corresponsabilidade entre mulleres e homes no ámbito persoal, familiar e laboral.
- ✓ Realizar o estudo e o seguimento da lexislación vixente naqueles aspectos que afecten o principio de igualdade entre mulleres e homes, e elaborar propostas de modificación das normas que o dificulten ou impidan.
- ✓ Establecer e fomentar relacións de cooperación cos organismos competentes en materia de igualdade da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e da Administración local, así como cos organismos internacionais e comunitarios, en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- ✓ Propoñer medidas, programas e normas dirixidos á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural, e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos.
- ✓ Establecer relacións e canles de participación con asociacións, fundacións e outros entes e organismos que teñan entre os seus fins a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como a igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.
- ✓ A promoción das actuacións referentes ás medidas municipais de conciliación, bancos municipais de tempo e plans de programación do tempo da cidade.



RESUMO DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCIONS

Planificación no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030

A planificación estratéxica de subvencións de Consellería para o período 2026-2027, de acordo co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, distribúese nos seguintes Eixos Estratéxicos:

PEG 2022-2030	Convocatorias	2026	2027
E1 - Eixe 1. O reto demográfico	36	102.385.050	102.478.483
E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	59	112.300.717	111.079.056
Total	95	214.685.767	213.557.539

E nas seguintes Prioridades de Actuación:

PEG 2022-2030	Convocatorias	2026	2027
E1 - Eixe 1. O reto demográfico	36	102.385.050	102.478.483
PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	7	8.677.840	8.677.840
PA02 - Mellorar a atención ao benestar e a calidade de vida das familias.	29	93.707.210	93.800.643
E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	59	112.300.717	111.079.056
PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	59	112.300.717	111.079.056
Total	95	214.685.767	213.557.539

Planificación estratéxica por centro directivo

A planificación estratéxica de subvencións para o período 2026-2027, por centro xestor, está formada por 95 liñas de axuda cun importe anual estimado de máis de 210 millóns de euros, distribuídos do seguinte xeito:

PEG 2022-2030	Convocatorias	2026	2027
1.08.02 - D.X. FAMILIA, INFANCIA E DINAM.DEMOG.	30	96.716.938	96.810.371
1.08.03 - D.X. INCLUSIÓN SOCIAL	12	30.211.229	32.086.229
1.08.04 - D.X. PERSOAS CON DISCAPACIDADE	14	28.687.446	28.687.446
1.08.05 - D.X. MAIORES E ATENCIÓN SOCIO SANITARIA	9	21.217.157	18.530.526
1.08.06 - D.X. LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	14	14.391.995	13.981.965
1.08.07 - D.X. PROMOCIÓN DA IGUALDADE	16	23.461.002	23.461.002
Total	95	214.685.767	213.557.539



DETALLE DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCIONS

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica conta entre os seus principais obxectivos en materia de subvencións, por unha parte, o impulso de medidas a favor da dinamización demográfica e a conciliación, como o impulso da gratuidade nas escolas infantís e casas niño, a Tarxeta Benvida ou o Bono Concilia. Por outra parte, este centro directivo desenvolve medidas en relación á protección da familia e á infancia, que se articulan a través de diversos convenios de colaboración con entidades do terceiro sector para o fomento de actividades relacionadas coa protección das familias máis vulnerables. Neste sentido destaca o convenio nominativo nos orzamentos coa Cruz Vermella para o apoio ás familias acolledoras.

Detalle de Subvencións na Planificación

PEG 2022-2030		2026	2027
1.08.02 -	D.X. FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	96.716.938	96.810.371
E1	- Eixe 1. O reto demográfico	93.707.210	93.800.643
	PA02 - Mellorar a atención ao benestar e a calidade de vida das familias.	93.707.210	93.800.643
	Convenios con entidades de iniciativa social	2.689.480	2.689.480
	Medidas de conciliación e dinamización demográfica (bono concilia e tarxeta benvida)	31.013.222	31.013.222
	Fomento escolarización 0-3	60.004.508	60.097.941
E4	- Eixe 4. Cohesión social e territorial	3.009.728	3.009.728
	PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	3.009.728	3.009.728
		3.009.728	3.009.728
	Orde de subvencións do IRPF		

D.X. DE INCLUSIÓN SOCIAL

A Dirección xeral de Inclusión social ten como obxectivo principal Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de



garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante. Mellorar os itinerarios personalizados e avaliar os seus resultados, vencellar os servizos sociais e de emprego en torno aos itinerarios. Garantir un sistema de servizos sociais básico, xusto e equitativo para toda a poboación, e apoiar o desenvolvemento de programas de servizos sociais básicos e específicos.

Detalle de Subvencións na Planificación

PEG 2022-2030	2026	2027
1.08.03- D.X. INCLUSIÓN SOCIAL	30.211.229	32.086.229
E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	30.211.229	32.086.229
PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	30.211.229	32.086.229
Subvencións en réxime de concorrencia competitiva	29.638.179	31.513.179
Convenios de colaboración con entidades de iniciativa social	573.050	573.050

D.X. DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

A Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade ten como obxectivo principal planificar, impulsar, coordinar, dirixir, xestionar e supervisar o conxunto das actuacións da Consellería destinadas ao apoio e á atención ás persoas con discapacidade, en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, sen prexuízo das que lles correspondan a outros órganos de dirección da Consellería.

Detalle de Subvencións na Planificación

PEG 2022-2030	2026	2027
1.08.04 - D.X. PERSOAS CON DISCAPACIDADE	28.687.446	28.687.446
E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	28.687.446	28.687.446
PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante. Garantir a igualdade de trato e a non discriminación.	28.687.446	28.687.446
Subvencións ás entidades locais para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá.	9.037.914	9.037.914



Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF e do IS.	13.981.014	13.981.014
Convenio nominativo con COGAMI	1.069.797	1.069.797
Convenio nominativo con FADEMGA	265.480	265.480
Convenio nominativo con FAXPG	909.826	909.826
Convenio nominativo con FEALES	665.430	665.430
Convenio nominativo con DOWN GALICIA	1.207.608	1.207.608
Convenio nominativo con AUTISMO GALICIA	175.331	175.331
Convenio nominativo con SPECIAL OLYMPICS	215.359	215.359
Convenio nominativo con ASPAYM	55.142	55.142
Convenio nominativo con ASPACE	96.122	96.122
Convenio nominativo con DANO CEREBRAL GALICIA	239.187	239.187
Convenio nominativo con FEGEREC	33.310	33.310
Convenio nominativo con AGAT	735.926	735.926

D.X. DE MAIORES E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA

A Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria ten como obxectivo fundamental a promoción do benestar das persoas maiores en Galicia, mediante recursos e programas que favorezan o envellecemento activo, a atención á dependencia e a mellora da calidade asistencial.

Tamén se promoven accións relacionadas coa conciliación familiar, o respiro da persoa coidadora e o apoio á autonomía persoal, maioritariamente en colaboración con entidades locais e centros universitarios.

Esta estratexia permite reforzar a cohesión social ao tempo que se garante o acceso en igualdade de condicións a servizos públicos de calidade, sostibles e adaptados ao reto demográfico galego.

A planificación estratéxica de subvencións para o período 2026 está formada por 41 liñas de axuda cun importe anual estimado de máis de 25 millóns de euros, distribuídos do seguinte xeito:



Detalle de Subvencións na Planificación

PEG 2022-2030		2026	2027
1.08.05 -	D.X. MAIORES E ATENCIÓN SOCIO SANITARIA	21.217.157	18.530.526
E4	- Eixe 4. Cohesión social e territorial	21.217.157	18.530.526
	PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	21.217.157	18.530.526
	Axudas destinadas a persoas con ELA ou dos seus fenotipos	2.138.800	2.138.800
	Axudas para a posta en marcha e continuidade de Casas do Maior	6.063.596	6.063.596
	Axudas destinadas á realización de programas de interese social	7.113.423	7.113.423
	Convenios para a promoción do Envellecemento Activo en Concellos	1.683.014	1.348.583
	Convenios con asociacións	2.801.914	449.714
	Convenios con Universidades Públicas Galegas	149.860	149.860
	Programa Benestar en Balnearios	331.346	331.346
	Programa de Respiro para coidadores	735.204	735.204
	Programa Xuntos polo Nadal	200.000	200.000

D.X. DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

A Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero ten como obxectivo principal a erradicación da violencia contra as mulleres, articulando unha serie de medidas e propostas como a protección e o apoio integral ás vítimas de violencia de xénero, o fomento da súa empregabilidade, accións específicas dirixidas a mulleres vítimas da trata ou explotación sexual, medidas de atención específica a mulleres vítimas de prostitución e trata como forma extrema da violencia de xénero, facilitar a execución de plans estratéxicos de abordaxe da violencia de xénero no ámbito local, a realización de accións de sensibilización e formación especializada en violencia de xénero para persoal das forzas e corpos de seguridade e para profesionais do ámbito xudicial, ofrecer un servizo continuado de acompañamento, tutela e apoio psicosocial ás vítimas, a realización de campañas de sensibilización sobre a violencia de xénero nos institutos e universidades, no ámbito rural, para os colectivos máis desfavorecidos, así como o reforzo da resposta institucional para unha adecuada intervención e atención integral ás vítimas de violencia de xénero.



Detalle de Subvencións na Planificación

PEG 2022-2030	2026	2027
1.08.06 - D.X. LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	14.391.995	13.981.965
E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	14.391.995	13.981.965
PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	14.391.995	13.981.965
Subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren de violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas	2.500.000	2.500.000
Subvencións destinadas ao fomento da contratación por parte de entidades sen ánimo de lucro de mulleres que sofren violencia de xénero	600.000	600.000
Subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero	700.000	700.000
Prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero	2.425.000	2.974.994
Indemnizacións para vítimas de violencia de xénero (orfos/as e mulleres gravemente feridas)	70.000	70.000
Axudas e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero	2.733.283	2.733.283
Subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención social integral a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral	855.000	855.000
Axudas para mulleres vítimas de violencia sexual	1.272.638	1.272.638
Convenios para o mantemento de Casas de Acolida para mulleres vítimas de violencia de xénero e de trata de seres humanos con fins de explotación sexual	334.850	334.850
Convenio para a rehabilitación dun inmovble destinado a centro de acolida para mulleres vítimas de violencia de xénero con problemas de adicción no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero	960.024	0,00
Convenios para a realización de actuación de sensibilización e atención a mulleres vítimas de violencia de xénero	1.791.200	1.791.200
Convenios coas universidades galegas para o desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero	150.000	150.000



D.X. DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE

A Dirección Xeral de Promoción da Igualdade ten como obxectivo principal impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes.

Detalle de Subvencións na Planificación

PEG 2022-2030	2026	2027
1.08.07 - D.X. PROMOCIÓN DA IGUALDADE	23.461.002	23.461.002
E1 - Eixe 1. O reto demográfico	8.677.840	8.677.840
PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	8.677.840	8.677.840
Subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o desenvolvemento do Plan Corresponsables	7.400.000	7.400.000
Convenios coas universidades da Comunidade Autónoma para o desenvolvemento do Plan Corresponsables	60.000	60.000
Convenios coas Federacións de asociacións de mulleres rurais de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables	385.000	385.000
Convenios con asociacións para o desenvolvemento do Plan Corresponsables	214.000	214.000
Subvencións en réxime de concorrencia competitiva para apoiar a conciliación e fomentar a corresponsabilidade das persoas que reduzan a súa xornada laboral, especialmente por parte dos homes, para o coidado dos seus fillos e fillas	618.840	618.840
E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	14.783.162	14.783.162
PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	14.783.162	14.783.162
Subvencións en réxime de concorrencia competitiva para as EELL de Galicia – programa de apoio aos Centros de Información á Muller	5.075.508	5.075.508
Subvencións en réxime de concorrencia competitiva para apoiar o movemento asociativo de mulleres	180.000	180.000
Subvencións en réxime de concorrencia competitiva para apoiar o movemento asociativo de mulleres en desenvolvemento do Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero	163.166	163.166
Subvencións en réxime de concorrencia competitiva para a realización de programas de interese xeral para fins de carácter	1.434.828	1.434.828



social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do IRPF e do imposto de sociedades – Liña Igualdade

Subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o fomento do emprendemento feminino – Programa Emega	4.944.660	4.944.660
---	-----------	-----------

Subvencións en réxime de concorrencia competitiva para as EELL de Galicia para programas de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero	650.000	650.000
--	---------	---------

Subvencións en réxime de concorrencia competitiva para entidades de iniciativa social para desenvolver programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade	1.850.000	1.850.000
--	-----------	-----------

Subvencións en réxime de concorrencia competitiva para as asociacións de nais e pais en desenvolvemento do Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero	400.000	400.000
---	---------	---------

Convenios asociacións para o desenvolvemento de actividades dirixidas ao colectivo LGTBI	85.000	85.000
--	--------	--------

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA EXECUCIÓN DAS SUBVENCIONES

O seguimento das subvencións realizarase de maneira continua e sistemática para garantir a correcta execución orzamentaria e o cumprimento dos obxectivos establecidos.

Ao finalizar o período de planificación, antes da aprobación de sucesivos plans, realizarase un **Informe de avaliación do Plan estratéxico de subvencións 2026-2027**, que recollerá a avaliación dos obxectivos e logros alcanzados ao longo do período de execución das subvencións, tanto en termos de execución financeira como nos resultados obtidos a través dos indicadores establecidos.

Avaliación da execución orzamentaria

A análise da execución orzamentaria permitirá verificar que os fondos asignados ás subvencións se utilizaron de forma eficiente e de acordo co plan aprobado.

Avaliación dos obxectivos e logros alcanzados

A avaliación dos impactos conseguidos coa execución das subvencións, realizarase co análise dos indicadores de seguimento establecidos, medindo os resultados acadados respecto dos valores previamente definidos.



Correccións e melloras

Se os resultados do seguimento mostran desviacións respecto aos obxectivos financeiros ou operativos, implementaranse medidas correctivas ou de mellora para garantir o cumprimento efectivo dos obxectivos nas anualidades seguintes.

As recomendacións derivadas do informe de avaliación serán clave para mellorar a planificación e xestión das futuras convocatorias.



FICHAS DETALLADAS DE SUBVENCIONES

D.X. FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				
A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica conta entre os seus principais obxectivos en materia de subvencións, por unha parte, o impulso de medidas a favor da dinamización demográfica e a conciliación, como o impulso da gratuidade nas escolas infantís e casas niño, a Tarxeta Benvida ou o Bono Concilia. Por outra parte, este centro directivo desenvolve medidas en relación á protección da familia e á infancia, que se articulan a través de diversos convenios de colaboración con entidades do terceiro sector para o fomento de actividades relacionadas coa protección das familias máis vulnerables. Neste sentido destaca o convenio nominativo nos orzamentos coa Cruz Vermella para o apoio ás familias acolledoras.				
PROGRAMA DE GASTO				
Programa	312B - PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS Á FAMILIA E Á INFANCIA			
Os obxectivos principais do programa de gasto 312B son mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias, impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible e facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante.				
PEG 2022 -2030				
Eixe	E1 - Eixe 1. O reto demográfico			
Prioridade de Actuación	PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias			
Obxectivo Estratéxico	E01 - Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais. Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres.			
Obxectivo Operativo	OO01 - Medidas de impulso á natalidade e dinamización demográfica, incluídas medidas de conciliación			
SUBVENCIÓN				
Denominación	Orde pola que se establecen as axudas económicas ás familias para a conciliación en situacións puntuais e períodos de vacacións escolares a través do programa Bono Concilia Familia e se procede á súa convocatoria para o ano XXXX (código de procedemento BS412A)			
Normativa	Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia			
Tipo de convocatoria	Concurrencia non competitiva.			
Beneficiarios	Persoas físicas.			
Importe	Total		2026	2027
	5.327.734		2.663.867	2.663.867
Resultados previstos	Indicadores de seguimento		2026	2027
	01060 - Familias beneficiarias de bonos para conciliación		15.000	15.000
Financiamento	Financiamento		2026	2027
	Orzamento autonómico, estatal, fondos europeos ou combinación de fontes			
	PCA - Presupostos xerais das Comunidades Autónomas	2015-550-MEDIDAS PARA CONCILIACIÓN E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	2.100.000	2.100.000
	Fondo finalista do Estado		563.867	563.867



D.X. FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica conta entre os seus principais obxectivos en materia de subvencións, por unha parte, o impulso de medidas a favor da dinamización demográfica e a conciliación, como o impulso da gratuidade nas escolas infantís e casas niño, a Tarxeta Benvida ou o Bono Concilia. Por outra parte, este centro directivo desenvolve medidas en relación á protección da familia e á infancia, que se articulan a través de diversos convenios de colaboración con entidades do terceiro sector para o fomento de actividades relacionadas coa protección das familias máis vulnerables. Neste sentido destaca o convenio nominativo nos orzamentos coa Cruz Vermella para o apoio ás familias acolledoras.

PROGRAMA DE GASTO

Programa **312B - PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS Á FAMILIA E Á INFANCIA**

Os obxectivos principais do programa de gasto 312B son mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias, impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible e facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante.

PEG 2022 -2030

Eixe	E1 - Eixe 1. O reto demográfico
Prioridade de Actuación	PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias
Obxectivo Es-tratéxico	E01 - Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais. Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres.
Obxectivo Operativo	OO01 - Medidas de impulso á natalidade e dinamización demográfica, incluídas medidas de conciliación

SUBVENCIÓN

Denominación	Orde pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da Tarxeta Benvida, nos supostos de xestación, nacemento, adopción, garda con fins adoptivos ou acollimento familiar permanente no ano XXXX e se procede á súa convocatoria (código do procedemento BS403B)		
Normativa	Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia		
Tipo de convocatoria	Concorrenza non competitiva.		
Beneficiarios	Persoas físicas.		
Importe	Total		2026
	56.698.710		2027
Resultados previstos	Indicadores de seguimento		2026
	P00450 - Familias beneficiarias da tarxeta benvida		2027
Financiamento	Financiamento		2026
	Orzamento autonómico, estatal, fondos europeos ou combinación de fontes		2027
	PCA - Presupostos xerais das Comunidades Autónomas	2015-550-MEDIDAS PARA CONCILIACIÓN E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	
			28.349.355
			28.349.355



**D.X. FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA**

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica conta entre os seus principais obxectivos en materia de subvencións, por unha parte, o impulso de medidas a favor da dinamización demográfica e a conciliación, como o impulso da gratuidade nas escolas infantís e casas niño, a Tarxeta Benvida ou o Bono Concilia. Por outra parte, este centro directivo desenvolve medidas en relación á protección da familia e á infancia, que se articulan a través de diversos convenios de colaboración con entidades do terceiro sector para o fomento de actividades relacionadas coa protección das familias máis vulnerables. Neste sentido destaca o convenio nominativo nos orzamentos coa Cruz Vermella para o apoio ás familias acolledoras.

PROGRAMA DE GASTO**Programa 312B - PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS Á FAMILIA E Á INFANCIA**

Os obxectivos principais do programa de gasto 312B son mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias, impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible e facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante.

PEG 2022 -2030

Eixe	E1 - Eixe 1. O reto demográfico
Prioridade de Actuación	PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias
Obxectivo Es-tratéxico	E01 - Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais. Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres.
Obxectivo Ope-rativo	OO02 - Potenciación da escolarización dos nenos de 0-3 anos e continuar a garantir a súa gratuidade (escolas infantís, puntos de atención á primeira infancia, casas niño, etc.)

SUBVENCIÓN

Denominación	Axudas para a posta en marcha de casas niño		
Normativa	Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia		
Tipo de convo-catoria	Concorrenza non competitiva.		
Beneficiarios	Persoas físicas e cooperativas de traballo asociado		
Importe	Total	2026	2027
	6.553.367,00	3.229.967,00	3.323.400,00
Resultados pre-vistos	Indicadores de seguimento	2026	2027
	DOC035 - Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas	500	500
Financiamento	Financiamento	2026	2027
	Orzamento autonómico, estatal, fondos europeos ou combinación de fontes		
	PCA - Presupostos xerais das Comunidades Autónomas	1.774.738,00	1.868.171,00
	Fondo finalista do Estado	1.455.229,00	1.455.229,00



D.X. FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica conta entre os seus principais obxectivos en materia de subvencións, por unha parte, o impulso de medidas a favor da dinamización demográfica e a conciliación, como o impulso da gratuidade nas escolas infantís e casas niño, a Tarxeta Benvinda ou o Bono Concilia. Por outra parte, este centro directivo desenvolve medidas en relación á protección da familia e á infancia, que se articulan a través de diversos convenios de colaboración con entidades do terceiro sector para o fomento de actividades relacionadas coa protección das familias máis vulnerables. Neste sentido destaca o convenio nominativo nos orzamentos coa Cruz Vermella para o apoio ás familias acolledoras.

PROGRAMA DE GASTO

Programa **312B - PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS Á FAMILIA E Á INFANCIA**

Os obxectivos principais do programa de gasto 312B son mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias, impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible e facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante.

PEG 2022 -2030

Eixe	E1 - Eixe 1. O reto demográfico
Prioridade de Actuación	PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias
Obxectivo Es-tratéxico	E01 - Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais. Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres.
Obxectivo Ope-rativo	OO02 - Potenciación da escolarización dos nenos de 0-3 anos e continuar a garantir a súa gratuidade (escolas infantís, puntos de atención á primeira infancia, casas niño, etc.)

SUBVENCIÓN

Denominación	Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal (código de procedemento BS420D)		
